



CONVENIOS PRÁCTICAS NON LABORAIS

Os convenios de prácticas non laborais están regulados polo Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro. Este Real decreto establece que as empresas ou grupos empresariais, en colaboración cos Servizos Públicos de Emprego, poderán subscribir acordos con persoas novas, con ningunha ou moi escasa experiencia laboral, para realizar prácticas de carácter non laboral nos seus centros de traballo, co fin de contribuír a mellorar a súa empregabilidade.

Así mesmo, este Real decreto establece que as empresas que vaian desenvolver prácticas non laborais celebrarán un convenio co Servizo Público de Emprego competente en razón do ámbito territorial do centro de traballo onde se desenvolverán aquelas.

A competencia para a sinatura destes convenios na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspóndelle ao Secretario Xeral Técnico, en virtude do artigo 3 da Orde de 29 de setembro de 2021 (DOG núm.195 do 08.10.2021) sobre delegación de competencias en diversos órganos desta Consellería.

En conclusión, tendo en conta todo o anterior, a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

PROPÓN

para a sinatura do Secretario Xeral Técnico, o Convenio de prácticas non laborais coa seguinte empresa:

- GARCÍA Y CHANS SL

Santiago de Compostela, (data da sinatura dixital)

O xefe do Servizo de Intermediación

Luis Fernández Fuentes

